

Deixarse sorprenden

Dicía o gran científico Louis Pasteur: «Marabillarse de todo é o primeiro paso da razón cara ao descubrimento».

Tamén nolo lembra Luigi Ballerini, escritor para mozos e médico psicoterapeuta, no artigo que nos inspirou para esta idea¹: *«No fondo, marabillarse non é máis que unha forma de confianza [...] É a idea de que aínda existe un mundo por descubrir, comprender e atopar. Isto explica por que a perda desta capacidade (marabillarse) é tan grave: sen ela, a vida faise monótona na repetición dunha mirada cansa que xa non ve nada. [...] Se perdemos a capacidade de marabillarnos, non nos volvemos máis realistas nin máis eficientes; só perdemos a posibilidade de deixarnos interpelar pola realidade, de recoñecer que nós mesmos podemos seguir cambiando e mellorando a través daquilo que atopamos».*

A marabilla lémbra-nos que non todo depende de nós. É unha invitación para acollela co corazón aberto, a recoñecer o que a vida quere dicirnos e a estar agradecidos por iso. A marabilla evoca o asombro, esa extraordinaria capacidade dos nenos para abrirse á vida e ás relacións; dimensións, estas, constitutivas do ser humano, que dende hai milenios son unha clave da aventura do pensamento humano, ensinándonos a descentrarnos para ir ao encontro das persoas que quizais nos esperan, que viven as mesmas dificultades cotiás e as mesmas esperanzas que nós.

Hoxe os desafíos que proveñen das redes sociais e da Intelixencia artificial parecen apagar esta capacidade: xa o vimos todo? E, sobre todo: estamos a acostumarnos a todo? A miúdo son os pequenos xestos os que teñen a capacidade de volver acender o asombro.

Asombrarse significa manter viva a capacidade de marabillarse, de aprender do novo e de recoñecer o valor das persoas e das situacións que atopamos, sen resignarnos á indiferenza ante a dor e ao sufrimento. Teñamos o valor de mirar a realidade con atención e apertura poñéndonos no lugar dos demais, ofrecendo escoita e apoio sen xulgar e coidando de quen atravesamos momentos importantes ou complexos.

Son moitas as historias cotiás de esforzo, de enfermidade, de vidas que parecen perdidas ou sen sentido; e, con todo, sempre pode xurdir un horizonte novo e inesperado. Nas familias, nos centros sanitarios e asistenciais e en tantas situacións de fragilidade, é posible contemplar con asombro os signos da revolución máis poderosa: a dun amor capaz de ir máis aló do que cabería esperar.

Deixémonos sorprenden con vulnerabilidade e humildade por todo aquilo que sae ao noso encontro e fagamos que non quede confinado na intimidade do corazón, senón que se manifeste nas relacións, na vida compartida, no tecido das futuras xeracións.

¹<https://www.avvenire.it/idee-e-commenti/lasciarsi-stupire-dalla-meraviglia-quello-che-i-ragazzi-ci-ricordano> 109483